

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E SPI GALICIA, FCC, SEAGA, XESGALICIA, GALICIA CALIDADE, RETEGAL, CSAG e SOGAMA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN

REUNIDAS

Dunha parte, Dña. Sonia Rodríguez-Campos González, directora da Escola Galega de Administración Pública (en adiante, EGAP), nomeada mediante o Decreto 146/2012, do 12 de xullo (DOG núm. 134 do 13.07.2012), quen actúa en nome e representación da EGAP consonte as facultades que lle confire o artigo 9 da Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da EGAP (DOG núm. 103 do 02.06.1987);

Doutra, Dña. María Deza Martínez, actuando en nome e representación da SOCIEDADE PÚBLICA DE INVESTIMENTOS DE GALICIA, S.A. (en adiante SPI Galicia, SA), con CIF: A-15595275 domiciliada na rúa Avelino Pousa Antelo, 1-2º, 15707 de Santiago de Compostela, creada en virtude do Decreto 56/1997, do 6 de marzo (DOG núm. 55, do 20 de marzo) no seu carácter de Presidenta, en virtude das facultades que lle confiren os estatutos da sociedade e o acordo que figura en escritura pública outorgada ante o notario Francisco López Moledo o 21 de novembro de 2025 e número de protocolo 3.298.

Doutra, Dña. Ana Isabel Vázquez Reboredo, quen actúa en nome e representación da Fundación Cidade da Cultura de Galicia (en adiante, FCC), co enderezo social no Monte Gaiás s/n, co NIF G15721640 e inscrita no Rexistro de fundacións de interese galego co número 2000/1; como directora xerente da entidade e conforme os poderes que lle outorgou o Padroado da FCC o 16.12.016 e que se escriturou o 19.12.2016 perante o notario do Ilustre Colexio de Galicia don Héctor Ramiro Pardo García, co número de protocolo 1.689.

Doutra, D. Pablo Arbones Maciñeira, quen actúa en nome e representación da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, SA (en adiante, SEAGA), creada mediante o Decreto 260/2006, do 28 de decembro, polo que se crea a sociedade pública Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, SA e se aproban os seus estatutos (DOG núm. 13, do 18.01.2007), como representante legal da empresa, segundo o acordo do Consello de Administración da SEAGA do 09.03.2010, que se elevou a público perante o notario Manuel Remuñán López, en Santiago de Compostela, o 17.03.2010, co número de protocolo 441.

Doutra, Dña. Raquel Rodríguez Espiño, quen actúa en nome e representación da *Sociedad Gestora de Entidades de Inversión de Tipo Cerrado*, SAU (en diante, XESGALICIA), co NIF A15674203 e co enderezo social en Santiago de Compostela, rúa Ourense núm. 6. Constituíuse por tempo indefinido na escritura pública que se outorgou o 18.03.1999, perante o notario de Santiago de Compostela D. José Antonio Montero Pardo, co número 688 de orde do seu protocolo e que se inscribiu no Rexistro Mercantil da Coruña, no tomo 2.192 do



Arquivo, sección Xeral, folio 41, folla núm. C-21.886, inscrición 1ª; inscribiuse, tamén, no Rexistro Administrativo de Sociedades Xestoras de Entidades de Capital-Risco, co núm. 12. O Consello de Administración de XESGALICIA nomeou a directora xeral o 28.07.2023, e elevouno a público mediante escritura o 28.07.2023, que outorgou perante o notario de Santiago de Compostela, D. Francisco López Moledo, co número de protocolo 2.366 e que se inscribiu no Rexistro Mercantil de Santiago de Compostela no tomo 190, folio 164, folla núm. SC-21.886.

Doutra, Dña. Ana Méndez Gil, quen actúa en nome e representación de Galicia Calidade, SAU, co domicilio para os efectos de notificacións na Barcia, estrada Santiago-Noia, Km. 3, Santiago de Compostela. Constituíuse na escritura outorgada perante o notario do Ilustre Colexio da Coruña, D. Manuel Perexil Cambón, o 17.07.1995, correspondente ao número 957 do seu protocolo, e inscribiuse no Rexistro Mercantil da Coruña, no tomo 1711, da sección xeral, folio 134, folla C-15.034 e NIF A15522212. Actúa na súa calidade de directora xerente, que lle faculta a escritura de outorgamento de poderes do 22.12.2021, co número de protocolo 2057, inscrita no Rexistro Mercantil de Santiago de Compostela.

Doutra, Dña. María Pilar Chapela Villanueva, quen actúa en nome e representación de Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, SA (en adiante, RETEGAL), creada mediante o Decreto 58/1997, do 20 de febreiro, polo que se crea a sociedade Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, SA (DOG núm. 56, do 21.03.1997), na súa condición de directora xerente, segundo consta na escritura pública outorgada ante o notario de Santiago de Compostela, D. José Manuel Amigo Vázquez, o 23.04.2021, co número 1.125 da súa orde de protocolo e inscrita no Rexistro Mercantil de Santiago de Compostela; e na súa condición de apoderada, consonte as facultades que lle outorga o acordo do Consello de Administración do 26.03.2021.

Doutra, Dña. María Concepción Pombo Romero, quen actúa en nome e representación da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, SA, (en adiante CSAG), co NIF A15073349 e co enderezo social en Bando-San Marcos, s/n, Santiago de Compostela, en calidade de directora xeral, segundo Acordo do 04.01.2016 do Consello de Administración da CRTVG, SA; nomeada para o devandito cargo no acordo do 11.07.2025 do Consello de Administración da CSAG, SA, consonte as competencias e funcións que lle atribúen o artigo 38 da Lei 1/2025, do 14 de marzo, de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital (DOG núm. 53, do 18.03.2025); e o artigo 25 dos estatutos sociais, que se publicaron mediante a Resolución do 29 de febreiro do 2016, da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda pola que se ordena a publicación da modificación dos estatutos da sociedade mercantil pública autonómica Corporación Radio e Televisión de Galicia, SA, autorizada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 23 de decembro de 2015 (DOG núm.55, do 21.03.2016).

E doutra, D. Javier Domínguez Lino, quen actúa en nome e representación da Sociedade Galega do Medio Ambiente, SA (en adiante, SOGAMA), co domicilio social en Morzós 10, Cerceda e NIF A15379803, segundo a escritura de poder outorgada perante a notaria da Coruña Dña. María Mercedes Bermejo Pumar, o 12.02.2015 e número de protocolo 141/2015.



Teñen a capacidade legal necesaria para formalizar o seguinte CONVENIO DE COLABORACIÓN e

EXPOÑEN

PRIMEIRO

Que a EGAP é unha entidade de dereito público con personalidade xurídica propia que actúa con plena autonomía funcional para o cumprimento dos seus fins, en concreto, un organismo autónomo de carácter administrativo.

SEGUNDO

Que a Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da EGAP (DOG núm. 103 do 02.06.1987), menciona entre os seus fins a formación, o perfeccionamento, a investigación, a documentación, o estudo e a realización de traballos de divulgación no campo da administración pública, promovendo á súa máxima difusión.

TERCEIRO

Que SPI Galicia, FCC, SEAGA, XESGALICIA, Galicia Calidade, RETEGAL, CSAG e SOGAMA son entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia enunciadas na alínea b) do artigo 45 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (DOG núm. 251, do 31.12.2010).

CUARTO

Que a Resolución da EGAP do 10 de maio de 2023 pola que se fan públicas as bases e as condicións xerais de participación nas actividades formativas (DOG núm. 96, do 23.05.2023), con correccións de erros no DOG núm. 130, do 10.07.2023 e no DOG núm. 148, do 04.08.2023; establece na base primeira, puntos 2 e 3 que, tendo en conta os convenios que se subscriban para este efecto, poderá participar nas actividades que convoque a EGAP o persoal ao servizo doutras entidades, organismos e empresas públicas, así como as persoas pertencentes a outros colectivos de interese para a Administración, cando así o establezan as respectivas convocatorias.

QUINTO

Que ambas as dúas partes consideran que é de mutuo interese para cumprir as súas respectivas finalidades establecer fórmulas de colaboración no ámbito formativo, divulgador e investigador, a través deste convenio.

Conforme o exposto, as partes recoñécense de forma recíproca a capacidade suficiente e cadansúa facultade de representación, e acordan asinar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes



CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto

O obxecto deste convenio entre a EGAP e as entidades asinantes é o de colaborar e desenvolver de xeito conxunto actividades de carácter formativo, divulgador e investigador, en materias da competencia das institucións asinantes. Isto permitiralles actuar de forma máis eficaz e eficiente cos medios humanos, materiais e organizativos de cada unha delas, para satisfacer os fins de ambas as dúas partes de maneira máis efectiva, en beneficio da cidadanía e da sociedade galega.

SEGUNDA. Actuacións

As modalidades de colaboración consistirán:

- a) na realización de cursos, xornadas, seminarios e outras actividades de divulgación, de xeito conxunto;
- b) na edición en común de libros, outras publicacións e documentos de traballo. Ambas as dúas institucións comprométense a remitir un exemplar das súas publicacións periódicas á biblioteca da outra, para a súa difusión;
- c) na promoción da actividade investigadora de ambas as dúas institucións mediante proxectos de investigación compartidos;
- d) cantas outras consideren de interese mutuo, dentro da competencia e dispoñibilidade das partes, en relación ás actividades que son obxecto deste convenio.

TERCEIRA. Procedemento de definición da acción formativa

1. En aplicación do que prevé a Resolución do 19 de novembro de 2008 pola que se establecen o procedemento e os requisitos de homologación de accións formativas por parte da Escola Galega de Administración Pública (DOG núm. 235, do 03.12.2008), as entidades promotoras de accións formativas deberán remitir ao Servizo de Programación das Actividades de Formación da EGAP, con dous meses de anticipación ao inicio da acción formativa, unha **memoria explicativa** na que fagan referencia aos seguintes puntos:

- A. Persoa responsable da tramitación ante a EGAP
- B. Denominación, obxectivo e metodoloxía da acción formativa. A impartición de actividades na modalidade de teleformación deberá adecuarse aos estándares que fixa a EGAP.
- C. Programa e número de horas lectivas
- D. Lugar, data e horario de realización
- E. Sistema de avaliación do alumnado
- F. Criterios de selección, que deberán ser obxectivos e que terán en conta se existe relación entre o contido da acción e as tarefas do posto que desempeña o alumnado. Subsidiariamente empregaranse os que establece a Resolución da EGAP do 10 de maio de 2023 pola que se fan públicas as bases e as condicións xerais de participación nas



actividades formativas (DOG núm. 96, do 23.05.2023), con correccións de erros no DOG núm. 130, do 10.07.2023 e no DOG núm. 148, do 04.08.2023.

G. Persoas destinatarias e número de asistentes. Debe ser preferentemente persoal ao servizo das Administracións públicas de Galicia.

H. Perfil do profesorado que impartirá as clases. De estaren determinadas, unha relación das persoas docentes cos seus currículos e coa indicación da súa inscrición no rexistro de persoas formadoras da EGAP.

No caso de que as entidades promotoras soliciten accións formativas previstas no Plan de formación anual da EGAP, a memoria xustificativa limitárase ao contido que se describe nas alíneas A, D, F e G.

2. Unha vez que reciba a memoria, a EGAP examinará e comprobará se se observan os anteditos requisitos, requirindo no seu caso a súa emenda á entidade promotora das accións formativas. Conforme ao previsto no artigo 6 da Resolución do 19 de novembro de 2008, a EGAP avaliará a proposta da entidade solicitante baseándose nos criterios de valoración nel previstos. No caso de que a EGAP avalíe de forma positiva todas ou algunha das accións formativas propostas, comunicarllo á entidade promotora quen, a continuación, deberá informar a EGAP do prazo de matrícula, coa antelación suficiente para permitir que a EGAP publique no *Diario Oficial de Galicia* e/ou na súa páxina web a convocatoria da actividade formativa e que o alumnado poida matricularse. O medio de inscrición será a área de matrícula da EGAP: <https://egap.xunta.gal/matricula>.

3. Do mesmo xeito, segundo o que dispón o artigo 14 da citada Resolución do 19 de novembro de 2008, as entidades promotoras de accións formativas deberán remitir ao Servizo de Programación das Actividades de Formación da EGAP, no prazo máximo de dous meses desde o final da acción formativa, unha **memoria-resumo** que faga referencia aos seguintes aspectos:

- a) A relación das persoas docentes, cos seus respectivos currículos, no caso de que non estivesen determinadas no momento de presentarse a memoria explicativa.
- b) A relación certificada das persoas participantes que cumpren os requisitos para obter o certificado do diploma do curso. Para expedir os certificados de aproveitamento será necesaria unha relación certificada do alumnado, xunto coa súa avaliación.
- c) Unha copia do material didáctico que se empregou na acción formativa. No caso das actividades de teleformación, ademais, facilitaráselle á EGAP un acceso a ese material didáctico na plataforma correspondente, durante o tempo no que se desenvolva o curso.
- d) O resultado global das enquisas de valoración que cubran as persoas participantes.
- e) Os controis de asistencia. Para os efectos de expedir os certificados, aplicaranse os requisitos de asistencia que establece a EGAP.

CUARTA. Procedemento de xestión das accións formativas: obrigas das partes

1) A EGAP:

- a) Remitirá ás persoas coordinadoras ás que se refire a alínea segunda desta cláusula, unha vez finalizado o prazo de inscrición, unha listaxe coas persoas solicitantes de cada



curso para que as entidades poidan validar as peticións do seu respectivo persoal. Deberán facelo no prazo que fixe a EGAP en cada convocatoria.

- b) Xestionará o proceso de matrícula.
- c) Porá á disposición as súas instalacións e as súas plataformas informáticas para o desenvolvemento dos cursos.
- d) Expedirá o certificado de aptitude do alumnado que supere os cursos.
- e) Avaliará as actividades derivadas deste convenio, mediante o cuestionario de satisfacción que porá á disposición do alumnado, ao remate de cada acción formativa.
- f) Emitirá o informe de participación nas actividades formativas.

2) As demais partes asinantes:

- a) Designarán, en común, unha ou varias persoas coordinadoras que centralicen o intercambio de información coa EGAP.
- b) Validarán, cada unha a respecto do seu persoal e no prazo que indique a EGAP, a listaxe de persoas que deben ser seleccionadas. As persoas coordinadoras que se mencionan na alínea anterior remitirán á EGAP unha relación das persoas que validen as entidades asinantes.
- c) Nomearán as persoas que se encarguen de titorizar e xestionar os cursos e realizarán os pagamentos correspondentes.
- d) Enviarán á EGAP un certificado no que acrediten o seu compromiso de garantir que o seu respectivo persoal contará cos permisos e ferramentas axeitadas para realizar os cursos.

QUINTA. Establecemento dunha Comisión Mixta de Seguimento

Para o bo desenvolvemento das actividades obxecto do convenio, establecerase unha Comisión Mixta de Seguimento, de composición paritaria, integrada por representantes de cada unha das institucións. Corresponderalle a concreción, o seguimento, a interpretación e a avaliación das accións que deriven deste convenio.

Nesta Comisión, actuará como representante da EGAP a persoa titular da Secretaría Xeral e a persoa titular do Servizo de Programación das Actividades de Formación da EGAP, ou as persoas nas que deleguen; e por parte das restantes entidades, as persoas asinantes, ou aquelas en quen deleguen.

A Comisión terá, sen prexuízo do que establece o artigo 49 f) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (BOE núm. 236, do 02.10.2015; en diante, LRXSP), respecto das tarefas do órgano de vixilancia e control, as seguintes funcións:

- 1. Velar polo cumprimento do convenio.
- 2. Seguir, interpretar e avaliar as accións que deriven do convenio.
- 3. Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.



SEXTA. Orzamento

A EGAP colaborará coa posta á disposición das súas instalacións, dos seus medios telemáticos e dos seus medios persoais e materiais.

A sinatura deste convenio non implica, por parte da EGAP, compromiso de gasto con cargo ás partidas orzamentarias do estado de gastos dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia durante os seus anos de vixencia.

O custo económico que poida derivar da xestión das accións formativas será asumido polas entidades promotoras.

SÉTIMA. Inexistencia de relación laboral

A subscrición deste convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre as persoas profesionais que realicen as actividades obxecto deste convenio e a EGAP.

OITAVA. Dereitos de uso e propiedade industrial e intelectual

Os dereitos de propiedade industrial e intelectual sobre a totalidade das creacións que resulten deste convenio son de titularidade conxunta da EGAP e das restantes entidades asinantes, nos casos en que así o acorde a Comisión Mixta de Seguimento. De non sinalarse nada na dita Comisión, entenderase que os citados dereitos lle corresponden en exclusiva á EGAP.

As partes necesitan a autorización expresa da outra para editar, representar, gravar e reproducir por calquera medio ou soporte o resultado e os materiais que sexan froito do desenvolvemento do proxecto.

NOVENA. Modificación, denuncia e resolución do convenio

As partes poderán modificar ou resolver este convenio en calquera momento, por mutuo acordo.

Así mesmo, poderán denunciar este convenio en calquera momento, por vontade expresa de calquera das partes, cun aviso previo de quince días naturais.

De incumprir calquera das partes as obrigas que contraen neste convenio, a outra parte poderá resolvelo, cos efectos que legalmente procedan.



DÉCIMA. Réxime xurídico e resolución de conflitos

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase polo que establecen a LRXSP; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas (BOE núm. 236, do 02.10.2015); as demais normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Terase en conta o que establece o artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG núm. 30, do 15.02.2016), en especial no que se refire á publicidade deste convenio.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir sobre o contido e aplicación deste convenio e que non poida resolver a Comisión Mixta de Seguimento, serán do coñecemento e da competencia da orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

DÉCIMO PRIMEIRA. Consentimento das partes en materia de protección de datos

As persoas asinantes consenten en que se publiquen os seus datos persoais e as demais especificacións que contén este convenio no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

As partes asinantes manifestan que coñecen e que cumprirán as estipulacións relativas á protección de datos persoais que determina o Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 (DOUE núm. 119, do 04.05.2016), relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos; e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (BOE núm. 294, do 06.12.2018).

As partes adoptarán as medidas de seguridade precisas para que todas as persoas que interveñan na organización e o desenvolvemento das actividades formativas que deriven deste convenio:

- 1 -respecten o deber de confidencialidade en relación cos datos persoais que manexen no exercicio das competencias que deriven deste convenio;
- 2 -limiten, na medida do posible o acceso aos datos de carácter persoal;
- 3 -traten os datos persoais exclusivamente para a finalidade prevista neste convenio.

Ademais, as partes asumen a obriga de non ceder os datos de carácter persoal a terceiras persoas, salvo nos casos en que exista unha obriga legal.

DÉCIMO SEGUNDA. Vixencia

A vixencia deste convenio estenderase dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2028. As partes, de mutuo acordo, poderán prorrogala ata un máximo de 4 anos.

Este convenio de colaboración obriga as partes a cumprir o que pactaron expresamente. As institucións asinantes sométense ao que acordaron en todas as súas cláusulas.



Como proba de conformidade, as partes subscriben este convenio en Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital.

Pola Escola Galega de Administración Pública,

Dna. Sonia Rodríguez-Campos González

Pola Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, SA,

D. Francisco Menéndez Iglesias

Pola Fundación Cidade da Cultura de Galicia,

Dna. Ana Isabel Vázquez Reboredo

Por Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, SA,

D. Pablo Arbones Maciñeira

Por XESGALICIA, Sociedad Gestora de Entidades de Inversión de Tipo Cerrado, SAU,

Dna. Raquel Rodríguez Espiño

Por Galicia Calidade, SAU,

Dna. Ana Méndez Gil

Por Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, SA,

Dna. María Pilar Chapela Villanueva

Pola Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, SA,

Dna. María Concepción Pombo Romero

Pola Sociedade Galega do Medio Ambiente, SA

D. Javier Domínguez Lino

